

## CONVOCATORIA DE MOBILIDADE SICUE

### SISTEMA DE INTERCAMBIO ENTRE CENTROS UNIVERSITARIOS ESPAÑOLES.

#### CURSO 2017/2018

A Universidade da Coruña (UDC) fai pública a convocatoria de prazas en universidades españolas, no marco do Programa de Mobilidade do Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españoles (SICUE), para o próximo curso académico 2017/2018.

Máis información en:

[http://www.udc.gal/admision\\_bolsas/axudas/bolsasUDC/2017/sicue20172018.html](http://www.udc.gal/admision_bolsas/axudas/bolsasUDC/2017/sicue20172018.html)

**Este programa de intercambio de alumnos entre universidades españolas non dá dereito a axuda económica.**

#### OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA DE APLICACIÓN

A finalidade deste programa é a de facilitar aos estudantes españois a realización dunha parte dos seus estudos nunha universidade española distinta a súa, con garantías de recoñecemento académico e de aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular. O recoñecemento destes estudos realízase nos termos previstos na normativa de Xestión Académica da UDC e pola propia Normativa do Programa SICUE para o curso 2017/2018 emitida pola CRUE ([Anexo I](#)).

#### CONDICIÓNS

As prazas de intercambio que se convocan para cada titulación son as que figuran no [Anexo II](#). Os estudantes deberán comprobar o grao de implantación da súa titulación nas páxinas web das respectivas universidades.

- Os estudantes que participen neste intercambio seguirán sendo alumnos da UDC, onde se matricularán e abonarán as taxas académicas correspondentes. Na convocatoria 2017/2018 inclúese a obriga de que antes de efectuar a matrícula na universidade de destino, o estudante debe ter o acordo académico asinado por parte do coordinador académico de dita universidade. Poderán cursar materias nas dúas universidades, mentres dure o intercambio.

- O alumnado que teña intención de incluír o TFG no acordo académico, deberá contactar co coordinador da universidade de destino para coñecer os requisitos asociados no seu caso. A asignación de tema e/ou titor, e a defensa do traballo deberá facerse conforme ós requisitos establecidos pola universidade de destino.

- Sempre e cando non contraveña a normativa interna da UDC e o coordinador académico así o autorice, poderase incluír no acordo académico, como máximo, unha materia cualificada como suspensa con anterioridade.

- No caso de que o alumno desexe incluír no intercambio SICUE unha materia, como máximo, que non se atopa na titulación obxecto do acordo, previa autorización de todos os coordinadores da universidade de destino implicados, limitando dita posibilidade de matriculación a unha materia como máximo.

- Poderanse cursar optativas do plano de estudos da universidade de destino, non incluídas no plano de estudos da UDC, incorporándoas posteriormente ao expediente do alumno na UDC como optativas.

- No acordo académico especificarase a duración das estadas do intercambio. Para o curso 2017/2018 serán.

- Medio curso: para cursar un mínimo de 24 créditos
- Curso completo: para cursar un mínimo de 45 créditos

Para o alumnado ao que lle reste para finalizar os estudos menos créditos que o mínimo esixido, poderá optar ao intercambio igualmente se cumpre o resto de requisitos.

- Permítese tanto a redución de estancia (de curso completo a medio curso) como a ampliación de estancia (de medio curso a curso completo), sempre que os coordinadores da universidade de orixe e de destino estean de acordo. En calquera caso, a redución ou ampliación de estancia de intercambio recollerase no anexo do impreso C (Acordo Académico).
- O acordo académico aceptado polas tres partes implicadas (alumno, centro de orixe e centro de destino) terá carácter oficial de contrato vinculante para os asinantes.
- Quedan excluídos do programa de mobilidade SICUE os plans de estudo de mestrado e de doutoramento.
- O alumnado beneficiario do programa SICUE non poderá obter máis dun intercambio na mesma universidade de destino, nin máis dun intercambio SICUE no mesmo curso académico.
- O alumno cando chegue a universidade de destino deberá cubrir o modelo de “**certificado de incorporación**”, publicado na web de SICUE, pasalo á firma do coordinador SICUE e devolvelo, escaneado a [sicue@udc.es](mailto:sicue@udc.es).

## REQUISITOS XERAIS

- Ter superados na universidade de orixe un mínimo de **45 créditos** (a data de 30 de setembro de 2016)
- Estar matriculado ao fin do prazos de presentación de solicitudes, nun mínimo de **30 créditos** no curso 2016/2017.
- Os estudantes procedentes de traslado deberán ter superados os 45 créditos na universidade á que se trasladaron, na cal solicitan a mobilidade.

## DOCUMENTACIÓN

Os estudantes que reúnan os requisitos mencionados e estean interesados nesta convocatoria, deberán presentar:

- Solicitud de mobilidade (orixinal e copia), solicitando un máximo de 3 universidades de destino por orde de preferencia.
- Copia do DNI.

## PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Do **10 de febreiro** ata o **10 de marzo de 2017**, en horario de atención ao público (8:30h a 14:30h

A solicitude orixinal, previa firma de conformidade do profesor coordinador de intercambios da Facultade ou Escola, presentárase no rexistro do LERD-CORUÑA (Pavillón de Estudantes – Campus de Elviña) ou no LERD-Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo – Campus de Esteiro).

## TRAMITACIÓN E PROCESO DE ADXUDICACIÓN

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, examínanse para comprobar que cumpren os requisitos citados anteriormente. Publicárase a relación provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, e a relación provisional de solicitudes admitidas ordenadas pola nota media do expediente.

O estudantado que figure na listaxe de excluídos, disporá dun prazo de **10 días hábiles** dende a publicación da listaxe, para corrixir os defectos da súa solicitude ou alegar contras as causas de exclusión.

O procedemento de selección de estudantes farase conforme aos requisitos xerais especificados no relativo a créditos superados. Aos estudantes que non cumpran estes requisitos seralles denegadas a petición sen entrar a valorar o seu expediente académico.

A selección dos estudantes levarase a cabo en función da nota media de cualificación. En caso de empate, sempre e cando non se contraveña a normativa interna da

universidade, a que prevalecerá en casos de conflito, terá prioridade o alumno con maior número de créditos con matrículas de honor. De continuar o empate prevalecerán como criterios de prioridade o menor número de créditos suspensos e o maior número de créditos superados, en ese orden. Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas ata o 30 de setembro de 2016.

Terase en conta a cualificación obtida na última convocatoria, salvo o NON PRESENTADO que non computará no numerador nin no denominador.

A nota media do expediente académico de cada alumno calcularase de acordo coa seguinte fórmula: suma dos créditos CUALIFICADOS (isto é, créditos superados con calquera cualificación e créditos suspensos) ao alumno, multiplicado cada un deles polo valor das cualificacións obtidas na escala 0 e 10 dividida polo número de créditos totais CUALIFICADOS ao alumno.

Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos en que non exista cualificación non se terá en conta a efectos de ponderación.

Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas ou algunhas das materias, cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honor	10,0 puntos
Sobresaliente	9,0 puntos
Notable	7,5 puntos
Aprobado	5,5 puntos
Suspense	2,5 puntos

A selección dos candidatos será realizada pola Comisión de Valoración, composta por:

- Presidenta: Margarita Amor López, Vicerreitora de Estudiantes, Participación e Extensión Universitaria.
- Vogal: Manuel Herrador Barrios, Coordinador da E.T.S.I. de Camiños, Canais e Portos.
- Secretaria: M<sup>a</sup> Dolores López Arias

As prazas distribuiranse por orde de puntuación. Non se poderán adxudicar máis prazas que as aceptadas nos Convenios bilaterais.

## RESOLUCIÓN

A Comisión fará pública antes do **27 de abril de 2017** a *Resolución de adxudicación provisional de admitidos*. Todas as listaxes serán publicadas na páxina web da UDC e no Servizo de Estudantes (LERD, Pavillón de Estudantes, Campus de Elviña).

Os interesados poderán presentar reclamación á devandita relación provisional no prazo de **10 días hábiles**, a contar desde o seguinte á súa publicación, ante a Comisión de Selección, unicamente cando concorran algunhas das circunstancias seguintes:

- Que se cometera algún erro por mor da interpretación equivocada dos documentos achegados ou da valoración do seu expediente académico.
- Que apareza ou se acheguen novos documentos de valor esencial para a resolución.
- Que na resolución influirán documentos de dubidosa validez.
- Outras circunstancias debidamente xustificadas.

Unha vez resoltas as reclamación, publicarase a *resolución* definitiva e establecerase un prazo para aceptar/renunciar ao intercambio.

Á vista das renuncias presentadas polo adxudicatarios, procederase a unha reasignación das prazas vacantes.

A Coruña, 9 de febreiro de 2017

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

Margarita Amor López